




PLAN DE IGUALDADE
CEIP AS MERCEDES - OURENSE

1	Introdución.
2	Contextualización normativa e do centro.
2.1	Marco normativo
2.2	Contexto do CEIP As Mercedes.
3	Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.
4	Obxectivos coeducativos que se abordan no plan.
4.1	Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
4.2	Prevenção, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
4.3	Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
4.4	Prevenção, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.
5	Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos
5.1	Organización do centro.
5.2	Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
5.3	Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
5.4	Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.
6	Seguimento e avaliación

1 Introducción.

Educar é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral. Coeducar implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. Nos últimos anos tense observado un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos que inflúen no desenvolvemento da súa identidade e en como se manifesta a violencia escolar, o que orixina un aumento dos conflitos e das situacións de violencia entre os rapaces e as rapazas.

Co obxectivo de inverter esta tendencia a coeducación preséntase como unha das ferramentas máis útiles e potentes para poder acabar coa desigualdade, e a escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre nos colexios e nas universidades é un reflexo do que ocorre na sociedade, nun principio como espello e despois como reflexión de volta cara á sociedade de novo. Se somos capaces de transmitirle ao alumnado dos nosos centros educativos valores baseados na paz e na igualdade, a sociedade do futuro será pacífica e igualitaria. Se non traballamos por unha verdadeira e efectiva coeducación non conseguiremos unha verdadeira transformación da sociedade e polo tanto unha igualdade real. Cómpre ter en conta que as aulas son tan diversas como o é a sociedade; con todo, ás veces a diversidade, como é o caso da afectivo-sexual, aínda non se visibiliza nin se respecta, senón que se rexeita por contravir “o correcto” e “o normal”. De aí a importancia de traballar esa diversidade desde o sistema educativo.

É preciso polo tanto prestar atención ao proceso de convivencia nos centros educativos para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

Por todo o exposto é necesario e imprescindible elaborar un plan de Igualdade de centro

no que se recollan as medidas que se van desenvolver ensinalar aos nenos e ás nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos.

2 Contextualización normativa e do centro.

2.1 Marco normativo

O desexo de construción dunha sociedade igualitaria por razón de xénero non nace só da vontade das autoridades públicas, senón que ademais ten un marco normativo, tanto estatal como autonómico, no que se ampara. Máis alá do principio lexislativo de transversalidade, que obriga a que a que o obxectivo da igualdade de xénero estea presente en todas as políticas públicas e na acción administrativa, no caso concreto da educación, o lexislador asume a súa importancia estratéxica para a consecución da igualdade.

A Constitución española de 1978 recoñeceu no artigo 14 a igualdade ante a lei por razón de sexo, pero, máis alá dese recoñecemento formal, estableceuse no artigo 9.2 que é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva e, de xeito moi similar, o noso Estatuto de autonomía atribúelles a mesma obriga aos poderes públicos no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, de tal xeito que a promoción da igualdade debe estar presente en toda a actividade administrativa autonómica e en concreto na que ten que ver coa regulación e co fomento da educación, materia na que tamén o Estatuto atribúe competencia plena á nosa Comunidade Autónoma en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades sen prexuízo do disposto na Constitución e nas leis orgánicas para a competencia estatal. No marco da Unión Europea, a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios de actuación das institucións comunitarias que deben ter presente en todas as súas accións. Isto figura recollido no artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. No eido concreto da educación a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois de 2015 considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

ÁMBITO ESTATAL

No ámbito estatal o preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, xa pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e

das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

Deste xeito, calquera órgano con competencias relacionadas coa educación pode exercer unha importante influencia en cuestións que atinxen á consecución da igualdade de xénero.

O artigo 1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”.

No artigo 2 dise que o sistema educativo se orientará á consecución de determinados fins, entre os que salienta a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)”.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes establece:

Artigo 23. A educación para a igualdade de mulleres e homes.

O sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros.

Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación.

1. As administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes.

2. As administracións educativas, no ámbito das súas respectivas competencias, desenvolverán, con tal finalidade, as seguintes actuacións:

A. A atención especial nos currículos e en todas as etapas educativas ao principio de igualdade entre mulleres e homes.

B. A eliminación e o rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración a iso nos libros de texto e materiais educativos.

C. A integración do estudo e aplicación do principio de igualdade nos cursos e programas para a formación inicial e permanente do profesorado.

D. A promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.

E. A cooperación co resto das administracións educativas para o desenvolvemento de proxectos e programas dirixidos a fomentar o coñecemento e a difusión, entre as

persoas da comunidade educativa, dos principios de coeducación e de igualdade efectiva entre mulleres e homes.

F. O establecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensino do papel das mulleres na Historia".

ÁMBITO AUTONÓMICO

No ámbito autonómico son moitas as disposicións normativas que recollen instrumentos para acadar unha educación e formación en igualdade entre mulleres e homes. Así, o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece:

Artigo 17. O currículo regulador do sistema educativo.

1. A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptárase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:

A. A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos sexos como obxectivo de especial atención, sen que, en ningún caso, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

B. O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.

C. A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e das actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.

D. O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuizos.

E. A garantía da coeducación na Comunidade Autónoma de Galicia dentro das súas competencias propias.

2. A Xunta de Galicia incluírá nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero.

Artigo 18. Erradicación de prexuizos nos centros docentes.

1. Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas

sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

2. De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos, deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas".

Por outra parte o artigo 19 refírese á integración da igualdade na formación profesional dispoñendo:

"No desenvolvemento das súas competencias sobre deseño dos contidos dos títulos de formación profesional, autorización, xestión e homologación dos centros formativos, programación e execución de actuacións concretas, información e orientación profesional, avaliación da calidade e cantas outras poida asumir no marco da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, a Xunta de Galicia favorecerá a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante actuacións tendentes a evitar calquera tipo de discriminación, a eliminar a segregación profesional horizontal e vertical e mais a eliminar a totalidade das desvantaxes de partida que afecten o colectivo das mulleres".

Tanto o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia como o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establecen o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes na sociedade como finalidade primordial dos distintos niveis educativos, incluíndo tamén diversas referencias nos contidos concretos dos currículos.

Tamén os decretos aprobados nos últimos anos que regulan cada currículo de ciclos formativos e as ensinanzas especiais teñen como denominador común a presenza deste obxectivo.

Do mesmo xeito, a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dedica o capítulo III do Título I ás medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero, cuxa efectividade acada especial importancia en momentos, nos que este problema, de primeira magnitude en todo o Estado, segue presente e incluso con lamentables incrementos, para o cal tamén se debe considerar, tendo en conta que estamos referíndonos ao ámbito educativo, a persistencia de patróns de comportamento de dominación do home sobre a muller nas xeracións máis novas, tal como indican os últimos estudos oficiais, crebando tendencias que se cría que estaban en diminución.

Con respecto á integración da diversidade sexual débese ter en conta o establecido na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas,

gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que dedica o capítulo V ás medidas no ámbito da educación establecendo o seguinte:

Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos

A consellaría competente en materia de educación incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual nos contidos transversais de formación de todo o alumnado de Galicia naquelas materias en que sexa procedente, dará audiencia ao Consello e, de ser o caso, escoitará as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI. Así mesmo, visibilizaranse na educación os diferentes modelos de familia establecidos nesta lei. Ademais, revisará os contidos de información, divulgación e formación que xa existan nos distintos niveis de ensino e noutros ámbitos formativos.

Artigo 23. Actitudes

A Administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de igualdade, fomentará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.

Artigo 24. Formación do persoal docente

Estableceranse actividades de formación para o persoal docente existente. Así mesmo, incorporárase a realidade LGTBI e os distintos modelos de familia aos cursos e másters de formación do futuro persoal docente e aos plans de estudos das titulacións de Educación Social, Maxisterio, Pedagogía, Psicoloxía e Dereito.

Artigo 25. Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA

A consellaría competente en materia de educación, en colaboración coas ANPA, deseñará contidos para as escolas de pais e nais relativos á realidade LGTBI e aos diferentes modelos de familia.

Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade

1. Estableceranse actuacións para combater o acoso escolar por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, favorecendo a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero. Así mesmo, informarase sobre os mecanismos de denuncia dos casos de acoso.

2. Para os efectos de favorecer a visibilidade e de integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual nos centros escolares, a consellaría competente en materia de educación favorecerá nos centros sostidos con fondos públicos a realización de actividades específicas próximas a datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo de dereitos a persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais".

Por outra parte o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece como un obxectivo da educación primaria desenvolver unha actitude contraria aos "prexuízos de

calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo - sexual". Así mesmo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato inclúe entre os seus elementos transversais evitar "os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade bb e de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual".

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Así pois, entre os principios informadores e fins das normas de convivencia recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres. Indica que a comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Do mesmo xeito, será tamén un principio que deberá rexer a composición da comisión de convivencia, que terá entre as súas funcións, impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente no que se refire ao fomento das actitudes, para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

Entre os obxectivos xerais do plan de convivencia sinálase, fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres. Indícase como outro obxectivo facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

Así mesmo, a igualdade entre homes e mulleres estará presente entre as actuacións formativas, nos programas relacionados coa mellora da convivencia nos centros e recursos educativos, nas medidas complementarias para a mellora da convivencia e nas medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais.

2.2 Contexto do CEIP As Mercedes.

O contorno

O centro está situado no límite da zona vella coa moderna da cidade, dentro dunha zona peonil con facilidade para o acceso dos alumnos e alumnas. Conta cunha comunicacións

excelentes, as liñas de transporte urbano teñen parada nas inmediacións o que permite o acceso os vehículos de transporte sen perigo para eles.

Nas inmediacións conta con varias áreas de espaxamento e no entorno máis próximo sitúanse varios centro de interese artístico e cultural (teatro, salas de exposicións, auditorio...)

As familias

O tipo de familia do alumnado do CEIP As Mercedes é basicamente urbano. Por norma xeral traballan ámbolos dous proxenitores. Existe unha porcentaxe a ter en conta de familias monoparentais e/ou de familias formadas polos fillos e irmáns e pais non biolóxicos.

Nos últimos anos apréciase un aumento de familias estranxeiras, maioritariamente de América Latina.

A asistencia das familias ás reunións cos titores no comezo do curso é menor nos niveis superiores, son poucos os que se poñen en contacto cos titores para tratar temas relacionados cos seus fillos, presentan dificultades ou non.

A asociación de nais e pais do centro colabora efectivamente co centro e xestiona diferentes actividades extraescolares.

Unidades do centro. Profesorado

O noso centro ven funcionando con tres unidades de EI e seis unidades de Educación Primaria.

A ratio, en Educación Infantil é de 20 alumnos por aula nos dous primeiros cursos e de 25 en primaria excepto nun curso que é de 15 e na maioría de cursos están as prazas cubertas ou con poucas vacantes.

O cadro de profesores está formado por tres profesores-titores de Educación Infantil máis unha mestra de apoio e seis profesores-titores de Educación Primaria, especialistas de Inglés, Música, Educación Física e Pedagogía Terapéutica. Compartimos con outros centros a profesora de Relixión Católica, Orientador e o profesorado de AL. O equipo directivo, dado o número de unidades do centro, está formado polo director, a secretaria e a xefa de estudos.

O centro conta cun conserxe no horario lectivo do centro.

Espazos

O edificio consta dunha planta baixa na que se encontran dúas aulas de Educación Infantil, patio de recreo, sala de profesores, despachos de secretaria e dirección e conserxería; dúas plantas superiores nas que se hai unha aula de Educación Infantil, as diferentes aulas de Educación Primaria, as aulas de Informática, Biblioteca, Música e despacho de Orientación. Sinalar que cada unha das plantas superiores presenta unha diferenza de nivel salvado por dous ou tres chanzos, tamén desde a planta primeira se pode acceder directamente ao patio de recreo.

Actividades do centro

O centro participa con diferentes institucións e organiza ao longo do curso diferentes actividades de fomento da lectura, en pro da cultura galega, de mellora do medio

ambiente, de educación en valores e da cultura da paz.

Servizos do centro

Todos os servizos que se ofrecen ás familias fóra do horario escolar están xestionados pola ANPA.

- Acolida temperá, que funciona en horario de 8:00 a 9:00 horas.
- Servizo de Comedor Escolar de 14:00 a 16:00 horas, xestionado polos pais do centro.
- Actividades extraescolares en horario de 16 a 19 (teatro, informática, patinaxe, ludoteca, baloncesto, fútbol, robótica...).

3 Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.

Consideramos que a existencia desta problemática no noso centro pode considerarse baixa ou moi baixa.

Non existen apenas casos de violencia no centro, máis aló de sucesos ocasionais e excepcionais e, en ningún caso, relacionados ou motivados pola diferenza de xénero. En canto a LGTBIfobia tampouco se aprecia un rexeitamento cara este colectivo, e a comunidade educativa mostrase na súa maioría tolerante e respectuosa.

No campo no que se poden ver maiores dificultades é no dos roles de xénero. Aínda abundan na nosa sociedade certos estereotipos relacionados cos roles que deben desempeñar as persoas en canto o xénero, que se reflicten nos comportamentos do noso alumnado e, seguramente, no noso propio, máis do que nos gustaría recoñecer.

Con todo, este plan trata de aplicar medidas e promover actuacións, non só para corrixir as condutas ou ideas preconcebidas inadecuadas, se non tamén para previr, educar e concienciar a toda a comunidade educativa para a igualdade efectiva en todos os ámbitos da vida con independencia do xénero e/ou a orientación sexual.

4 Obxectivos coeducativos que se abordan no plan.

4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- Promover o recoñecemento efectivo da igualdade entre homes e mulleres. Desenvolver valores persoais e sociais que promovan esta igualdade, así como unha boa formación académica que permita gozar dunha verdadeira igualdade de oportunidades na vida profesional.
- Fomentar a superación de estereotipos, prexuízos e discriminación por razón de

sexo, orixe, raza, etc., así como as desigualdades e xerarquías sociais baseadas nestes estereotipos, en modas sociais ou culturais, en prexuízos sexistas ou en calquera outra forma de discriminación.

- Educar para aprender a vivir en equidade ao longo da vida. As tarefas da vida doméstica e o coidado das persoas deberían asumirse cunha clara corresponsabilidade entre homes e mulleres. É necesario contrarrestar os posibles estereotipos de dominación e dependencia aínda moi arraigados na sociedade.
- Promover a autonomía persoal. A aprendizaxe dos coñecementos relacionados coas tarefas e responsabilidades domésticas, que antes se consideraron esenciais para o desenvolvemento das funcións sociais das mulleres, debe ser hoxe unha necesidade para todos os mozos, dun sexo e do outro, e debe ser promover a autonomía persoal para afrontalos.
- Educar en igualdade no deporte e na actividade física. Necesitamos promover a equidade nesas áreas, tendo en conta as diferenzas entre mulleres e homes, pero sen limitar as súas posibilidades. Aínda que hai prácticas físico-deportivas estruturalmente máis relacionadas con mulleres ou homes, debería facilitarse unha elección libre e non estereotipada.
- Incluír a igualdade nos plans de formación do profesorado. Estes plans deben promover o respecto aos dereitos e liberdades, o exercicio de tolerancia, prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida, igualdade de dereitos e obrigas entre homes e mulleres tanto no ámbito público, como privado, corresponsabilidade no ámbito doméstico, etc. Prestarase especial atención á detección precoz de violencia física ou psicolóxica tanto na escola como na familia.

4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.

- Educar na prevención da violencia de xénero. É necesario erradicar as actitudes de dominio, control, illamento, desvalorización, chantaxe, celos, intimidacións ou calquera outra estratexia de coacción. Debe visualizarse tamén sinalando exemplos concretos do que se denominou "micromachismo", é dicir, pequenas actitudes ou comentarios, quizais lexitimados polo ambiente social, pero que supoñen unha violencia sutil contra as mulleres e constitúen unha forma deplorable de acoso.
- Educar na detección de posibles casos de abuso ou abuso. É necesario indicar como detectar actitudes ou comportamentos de acoso, así como pautas sobre as formas de reacción, tanto no caso das vítimas como das que poden ser testemuñas ou observadores.

4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.

- Educar sobre o respecto e a non discriminación das persoas debido á súa
-

orientación sexual.

4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

- Implantar pautas para a prevención, detección e reacción para evitar calquera tipo de acoso ou discriminación.

5 Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos

5.1 Organización do centro.

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
 - O Consello Escolar está actualmente formado por 9 mulleres e 6 homes, igualmente nas comisións dentro do consello escolar contamos con representación de homes e mulleres.
 - Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.
 - Actualmente hai un membro do consello escolar responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres que participará no impulso do Plan de igualdade.
 - Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (especialmente ás familias)
 - Difundiremos este plan a través da páxina web do centro, como un medio accesible para todos e respectuoso co medio ambiente.
 - Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
 - Este ano o profesorado participará en cursos de formación en materia de igualdade que oferte o CFR como é o caso do curso “Educar para a igualdade nas relacións afectivo-sexuais”.
 - O alumnado tamén terá xornadas de formación en materia de igualdade, tanto de profesionais externos ó centro como por parte dos seus propios mestres.
 - Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
 - O profesorado do centro emprega unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro, así mesmo os documentos do centro.
 - Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
 - A ANPA do centro, ANPA Pía da Casca fixo un proxecto de actividades para a igualdade que se van a levar a cabo tanto como actividades complementarias como extraescolares. (ver anexos)
 - Estamos en colaboración con entidades para a realización de actividades coeducativas (ver anexos).
 - Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25
-

de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).

- Na semana do 25 de novembro realizarase un obradoiro para previr a violencia de xénero.
- Na semana do 8 de marzo realizaranse actividades relacionadas co día internacional da muller.

5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír ás mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
 - Proponse ó profesorado que revise as programacións para dar visibilidade ás mulleres relevantes en cada ámbito do saber.
 - O centro adquiriu para a biblioteca os libros Pioneiras 1 e Pioneiras 2, e realizou un encontro coa autora do mesmo
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
 - Solicítase o profesorado e a toda a comunidade educativa que nos informe de calquera aspecto que supoña un estereotipo de xénero.
- Realizar actividades de sensibilización na aula.
 - Dentro das normas de cada titoría e dentro dos contidos transversais relacionados co respecto ós compañeiros e compañeiras, farase fincapé na importancia da igualdade entre homes e mulleres.
- Cando sexa posible, aproveitaranse as actividades curriculares para reflexionar sobre os estereotipos na sociedade.

5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.

- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
 - Adquiríronse títulos con contidos coeducativos e adquiriranse máis ó longo do curso
 - Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
 - O profesorado do centro procurará que os contidos audiovisuais utilizado nas actividades do centro respecten a igualdade e a diversidade afectivo-sexual.
 - Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.
 - Procuraremos organizar o patio para favorecer a inclusión e xogos inclusivos (rocódromo, comba, xogos con balón nos que participen nenos e nenas,...)
 - Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
 - Este curso coa inclusión da materia de robótica (pendente de aprobación pola consellería), pretendemos, entre outros obxectivos, realizar proxectos de
-

innovación e tecnoloxía de maneira colaborativa.

- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.
 - Todas as actividades artísticas, tecnolóxicas, deportivas, realizadas no centro son integradoras e realizadas independentemente por nenos e nenas.

5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
 - Entre as normas de comportamento do centro incídese no respecto entre todas as persoas.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
 - Dentro do respecto a diversidade incídese e na necesidade de respectar as diferentes características de todas as persoas xa sexan por razón de raza, xénero, diversidade sexual, capacidades,...
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
 - No ámbito das actividades recollidas no plan de convivencia creamos un equipo de mediadores que se corresponsabilizan na tarefa de velar polo cumprimento das normas, o respecto entre compañeiros e compañeiras e a resolución pacífica de conflitos.

6 Seguimento e avaliación

Este plan é un documento dinámico que se irá adaptando á realidade do centro e ás circunstancias do curso escolar, realizarase unha avaliación continua do cumprimento dos obxectivos do plan, para poder axustar e engadir novas actuacións ou retirar algunha que non se poida levar a cabo.

Ó final de curso realizarase unha avaliación do cumprimento dos obxectivos a través dos seguintes indicadores.

- Respecto da promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
 - Promoveuse o recoñecemento efectivo da igualdade entre homes e mulleres.
 - Fomentouse a superación de estereotipos, prexuízos e discriminación por razón de sexo, orixe, raza, etc.
 - Educouse para a corresponsabilidade doméstica e de coidado das persoas.
 - Conseguiuse contrarrestar os estereotipos de dominación e dependencia.
 - Promoveuse a autonomía persoal.
 - Promoveuse a igualdade no deporte e na actividade física.
 - Incluíuse a igualdade nos plans de formación do profesorado.
- Respecto da prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
 - Educouse na prevención da violencia de xénero.

-
- Visualizouse con exemplos concretos pequenas actitudes ou comentarios, que supoñen unha violencia contra as mulleres.
 - Educouse na detección de posibles casos de abuso ou abuso.
 - Déronse pautas sobre como actuar tanto no caso das vítimas como das que poden ser testemuñas ou observadores.
 - Respecto da promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
 - Educouse sobre o respecto e a non discriminación das persoas debido á súa orientación sexual.
 - Respecto da prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.
 - Implantáronse pautas para a prevención, detección e reacción para evitar calquera tipo de acoso ou discriminación.

Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos escolares co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.

ANEXOS

PROXECTO: 8 DE MARZO CADA DÍA NA ESCOLA E NA FAMILIA



(imaxe sacada de: <https://www.tn8.tv/videos/476746-una-nina-de-11-anos-defiende-su-madre-de-un-ladron-video/>)



ANPA PÍA DA CASCA
G32277535
CEIP AS MERCEDES DE OURENSE
Praza As Mercedes s/n
32005
Ourense

ÍNDICE

- 0. Presentación
- 1. Escola de familias
 - 1.1 Coeducar na familia. Kybalión
 - 1.2 Escola de familia de Xeracción
 - 1.3 Faladoiros con Raquel Penín
 - 1.4 Charlas de formación para as familias. Arelas
 - 1.5 Charla formativa. Playcode Academy
 - 1.6 Charlas de preparación á puberdade. Luna de Brigantia
- 2. Obradoiros para nenos/as
 - 2.1 Obradoiros de preparación a puberdade. Luna de Brigantia
 - 2.2 Charla sobre a realidade trans. Arelas
 - 2.3 Obradoiros coeducativos. Xeracción
 - 2.4 Contada de Elisa Maneiro
 - 2.5 Contada de Uxía Morán
 - 2.6 Charlas formativas sobre o feminismo. Marcha Mundial da Mulleres.
 - 2.7 Obradoiro artístico “As cores da nosa pel”. Pablo Otero
 - 2.8 Obradoiro de autodefensa e violencia. Cristina Tojo
 - 2.9 Charla sobre os perigos de internet. Fidel Formación
- 3. Biblioteca coeducativa
- 4. Patios coeducativos
- 5. Protocolos
- 6. Dípticos
- 7. Material escolar inclusivo
 - 7.1 Proxecto Valentes. Xerais
 - 7.2 Desmitificante “a cor carne”
- 8. A muller ao longo do historia, no noso presente e futuro

ANEXOS:

A Orzamentos e dossiers

A1 Kybali3n
A2 Xeracci3n
A3 Aglaia
A4 Arelas
A5 Playcode Academy
A6 Luna de Brigantia
A7 Elisa Maneiro
A8 Uxía Mor3n
A9 Pablo Otero Ilustrador
A10 Audefensa. Cristina Tojo
A11 Fidel Formaci3n
A12 Biblioteca coeducativa
A13 Lúcete Lecer
A14 Deimpresi3n!
A15 Proxecto Valentes

B Protocolos

B1 Violencia de x3nero
B2 Acoso escolar
B3 Abuso, acoso, maltrato
B4 Maltrato infantil
B5 TCA
B6 Trastornos alimentarios
B7 Ciberacoso

0. PRESENTACIÓN

Este proxecto realizado dende a perspectiva dunha ANPA, pretende recoller o espírito de loita e o obxectivo final do 8M, para aplicalo na escola ao longo de todo o curso.

Serían unha serie de actividades que tocarían tódolos ámbitos posibles para tratar dun xeito transversal a importancia da coeducación na prevención da violencia de xénero. Dar visibilidade á muller na sociedade, tratar as problemáticas entorno á muller dende un punto de vista tanto de xénero como de sexo, a nivel afectivo-sexual, fisiolóxico...

Consideramos que a sensibilización e a formación das crianzas e das familias é fundamental para poder acadar nun futuro á igualdade real entre ámbolos dous sexos e xéneros.

Pero tamén para loitar por un mundo máis xusto, rexeitando a intolerancia, a diferenciación de tipo sexual, étnica e de calquera outra índole.

Para conseguir isto, desenvolveremos este proxecto, no que se inclúe múltiples actividades: parladoiros, obradoiros, dípticos informativos, protocolos de actuación, dotación dunha biblioteca coeducativa, etc.

1. ESCOLA DE FAMILIAS

É un espazo compartido de información, formación e reflexión para orientar ás familias no desenvolvemento das súas funcións formadoras, educativas e socializadoras. Na mesma trátase a coeducación tanto na escola como na casa. A prevención da violencia machista en tódolos ámbitos o emponderamento da muller, a tolerancia e respecto cara a todas as orientacións sexuais, etnias e culturas. Outros temas serán: a igualdade do papel da nai e do pai no coidado e educación das crianzas, o coñecemento da grande diversidade dentro das familias; a aceptación e normalización das diferentes orientacións sexuais, o protocolo de actuación e apoio no caso de neno/a transexual ou transxénero.


O obxectivo é ter un espazo onde as familias poidan tratar con liberdade as diferentes problemáticas na difícil tarefa da maternidade ou paternidade. Acadar unha escola libre de estereotipos sexuais, de xenofobia, homofobia ou transfobia, onde as familias teñan acceso á información e apoio que precisan.

A tolerancia, o respecto, a igualdade entre os xéneros, etnias, culturas, debe estar en perfecto equilibrio entre a familia e a escola, para poder ser efectiva.

Ninguén é perfecto, pero debemos ser conscientes dos nosos erros para poder corrixilos. A información e a formación é fundamental. Cando un/ha decide ser pai/nai ou titor/a legal non nace aprendido/a e debe formarse ao longo das diferentes etapas do crecemento das nosas crianzas.

A continuación, enumeraremos as diferentes actividades enfocadas de cara as familias e que terían lugar en horario extraescolar, de 16:00 a 18:00 dentro do recinto escolar do CEIP As Mercedes.

1.1 “Coeducar na familia”



Entidade: Virginia Fernández Vento, psicóloga do gabinete Kybalión.

Iniciativa: Obradoiros estruturado en 4 bloques temáticos que se levarán a cabo ao longo do próximo curso escolar 19/20 e nos que se traballará tanto coas familias como coas crianzas, co fin de facilitar cambios intrafamiliares estables para unha educación positiva baseada na igualdade, o respecto, a individualidade e o xénero.

Estes 4 bloques están desenvolvidos no *dossier* e orzamento aportado no anexo A1

Investimento: 2500€

(Ver orzamento anexo A1)

1.2 “Escola de familia de Xeracción”



Entidade: Xeracción. Construíndo en comunidade.

Iniciativas:

1. “Educando no feminismo, construíndo igualdade”: 25 sesións de 2 horas. Investimento: 1936€
2. “Obradoiro de parentalidade positiva (construíndo familia)”: 3 sesións de 90 minutos. Investimento: 198€

(Ver orzamento anexo A2)

1.3 “Faladoiros con Raquel Penín Devesa”



Entidade: Raquel Penín Davesa. Gabinete Aglaia psicología.

Iniciativas: 2 faladoiros para nais e pais do colexio de 2 horas de duración cada un, para levar a cabo de forma periódica durante o curso escolar 19/20. As temáticas a tratar serán as seguintes: coeducación e hipersexualización nas nenas.

Investimento: 300€

(Ver orzamento anexo A3)

1.4 “Charlas de formación para as familias”



Entidade: Arelas. Asociación de familias de menores trans.

Iniciativa: Unha charlas sobre diversidade sexual e de xénero e a realidade trans infanto-xuvenil de 2 horas de duración.

Investimento: 100€ +desprazamento
(Ver orzamento anexo A4)

1.5 “Charla formativa”



Entidade: PlayCode Academy.

Iniciativa: Charla teórica e práctica sobre os riscos de Internet para os/as nosos/as fillos/as e cómo abordalos.

Investimento: 180€
(Ver orzamento anexo A5)

1.6 “Charlas de preparación a puberdade”



Entidade: Luna de Brigantia. Matronas

Iniciativas:

1. Círculo de nais e fillas para compartir nun espazo íntimo as experiencias ao redor da menstruación e poder informar e empoderar esta parte do fisioloxía tan estigmatizada.
2. Charla informativa para pais e nais de nenas de 5º e 6º de EP sobre a menstruación.

Investimento: 180€ + desprazamento.
(Ver orzamento anexo A6)

2. OBRADOIROS PARA NENAS/OS

Con esta técnica preténdese levar á práctica a información sobre a temática tratada en dito proxecto. Queremos que cada día sexa un 8M e para conseguilo debemos normalizar a coeducación e a igualdade entre os xéneros dentro da escola e das familias. Por dito motivo pensamos nunha serie de obradoiros para o alumnado, realizado por toda unha serie de profesionais especializados/as en diferentes ámbitos.

2.1 “Obradoiros sobre puberdade”



Entidade: Luna de Brigantia. Matronas

Iniciativas:

1. Círculo de nais e fillas para compartir nun espazo íntimo as experiencias ao redor da menstruación e poder informar e empoderar esta parte do fisioloxía tan estigmatizada.
2. Obradoiro de 2 horas de duración no que se tratará con nenos/as de 5º e 6º de EP os cambios aos que se teñen que enfrontar na puberdade e aceptalos positivamente.

Investimento: 240€ + desprazamento.

(Ver orzamento anexo A6)

2.2 “Charlas sobre a realidade trans”



Entidade: Arelas. Asociación de familias de menores trans.

Iniciativa: 2 charlas-coloquio de 90 min. cada unha para nenos/as de primaria sobre diversidade sexual e de xénero e a realidade trans infanto-xuvenil.

Investimento: 150€ +desprazamento

(Ver orzamento anexo A4)

2.3 “Obradoiros coeducativos”



Entidade: Xeracción. Construíndo en comunidade.

Iniciativas:

1. Obradoiro para peques “construíndo igualdade”. 3 sesións de 1 hora.
2. Obradoiro de xestión de conflitos para a rapazada de primaria. 3 sesións de 90 min. cada unha.
3. Obradoiro “Violencia machista. Construíndo igualdade, desmontando mitos”. Para alumnado de 5º e 6º de EP. Unha sesión de 90 min.

Total investimento: 750€

(Ver orzamento anexo A2)

2.4 Contada con Elisa Maneiro



Responsable: Elisa Maneiro. Doutora en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos.

Iniciativas: “A fórmula CO” é unha contada necesaria para achegar a igualdade aos nenos e nenas de maneira sinxela e divertida. 3 sesións de 1 hora cada unha para a rapazada de primaria.

Investimento: 300€ (Ver orzamento anexo A7)

2.5 Contada con Uxía Morán



Responsable: Uxía Morán. Actriz.

Iniciativa: “Contada coeducativa”. Unha sesión de 45-60 min. dirixida aos/ás máis pequenos/as cunha selección de contos para combater os estereotipos de xénero.

Investimento: 150€ (Ver orzamento anexo A8)

2.6 “Charlas formativas sobre o feminismo”



Entidade: Asociación da Marcha Mundial das Mulleres.

Iniciativa: charla formativa do que é e non é o feminismo. Enfocada a alumnos a partires de 4º, repartida en 3 sesións de 1 hora cada unha.

Investimentos: Dietas e gastos derivados do material formativo.

2.7 “Obradoiro artístico: as cores da nosa pel”



Responsable: Pablo Otero Rodríguez. Ilustrador.

Iniciativa: 4 obradoiros artísticos de 90 min. cada un no que se achegará as crianzas a aceptación da diversidade como algo rico, centrándose en algo tan concreto como os diferentes tons da nosa pel.

Investimento: 408€ + material por determinar
(Ver orzamento anexo A9)

2.8 “Obradoiro de autodefensa e violencia”



Responsable: Cristina Tojo (especialista en defensa persoal e violencia de xénero)

Iniciativas:

- 1) **Obradoiro de detección de violencias na infancia:**
7 sesións (7 horas) para tratar nos/as máis pequenos/as as violencias na infancia (microviolencias, violencias invisibles, etc.) e dotalos de ferramentas. Prezo: 700€
- 2) **Obradoiro autodefensa feminista:** ferramentas

para que as nenas de 5º e 6º de EP afronten as violencias machistas dun xeito psicolóxico e físico-técnico para empoderalas. Prezo: 100€

3) Obradoiro de masculinidades alternativas:

tratarase cos nenos de 5º e 6º de EP o papel do home como agresor e como deconstruílo, traballaremos tamén vínculos de bo trato entre homes e mulleres

Investimento total: 900€ + desprazamentos

(Ver orzamento anexo A10)

2.9 Charla formativa sobre os perigos de internet: as redes sociais e o ciberacoso



Responsable: Fidel Domínguez Franco. Fidel Formación

Iniciativa: formación sobre os perigos de internet, entender o que conleva o ciberacoso, especialmente dirixida a alumnado de quinto e sexto de Primaria, contando que con doce anos no seu inicio da etapa de secundaria, serán moito/as porteadoras de móbiles ou terán conexión a internet. Consistiría en dúas sesións de 60 min cada unha delas.

Investimento: 90€

(Ver orzamento anexo A11)

3. BIBLIOTECA COEDUCATIVA

Esta iniciativa consistiría en aportar á biblioteca escolar unha serie de libros, previamente analizados desde a perspectiva de xénero, para que os nenos e as nenas teñan acceso a títulos con contidos coeducativos, feministas, onde se trate problemáticas coma o acoso escolar, o medo a ser rexeitado por ser diferente, a transexualidade, homosexualidade, o racismo, etc.

O orzamento da listaxe vai engadido no anexo correspondente, cun investimento de 723 €.

(Ver orzamento anexo A12)

4.PATIOS COEDUCATIVOS

Esta iniciativa levada a cabo por unha especialista en dito tema, que coñece a perfección o noso patio, por ser monitora dunha das actividades extraescolares, busca organizar o espazo para que sexa igualitario e inclusivo, que non aporte un lugar preponderante a ningún sexo en concreto.

O orzamento, levado a cabo pola empresa Lúcete Lecer, foi engadido no anexo correspondente cun investimento de 1500€.

(Ver orzamento anexo A13)

5. PROTOCOLOS

Realización dunha serie de protocolos para que as familias saiban como actuar ante diversas problemáticas, aportar información sobre tres temáticas que consideramos básicas.

Temáticas a tratar:

- Protocolo de violencia de xénero:

Enténdese por violencia de xénero aquela que, como manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, exerce sobre estas polo feito de serlo. Esta violencia comprende calquera acto de violencia baseada no xénero que teña como consecuencia, o que teña posibilidades de ter como consecuencia, prexuízo ou sufrimento en a saúde física, sexual ou psicolóxica da muller, incluíndo ameazas de ditos actos, coerción ou privacións arbitrarias da súa liberdade, tanto si se producen na vida pública como privada.

Tipos de violencia de xénero

- Violencia física: calquera acto de forza contra o corpo da muller, co resultado ou risco de producir lesión física ou dano, exercida por quen sexa o seu cónxuge ou por quen estea ou estivera ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda que sen convivencia. Ensinismo, considéranse actos de violencia física contra a muller os exercidos por homes na súa contorna familiar ou na súa contorna social e/ou laboral.
- Violencia psicolóxica: toda conduta, verbal ou non verbal, que produza en a muller desvalorización ou sufrimento, a través de ameazas, humillacións ou vexacións, esixencia de obediencia ou submisión, coerción, insultos, illamento, culpabilización ou limitacións do seu ámbito de liberdade, exercida por quen sexa o seu cónxuge ou por quen estea ou estivera ligado a ela por análoga relación de afectividade, aínda que sen convivencia. Ensinismo, terán a consideración de actos de violencia psicolóxica contra a muller os exercidos por homes na súa contorna familiar ou na súa contorna social e/ou laboral.
- Violencia económica: a privación intencionada, e non xustificada legalmente, de recursos para o benestar físico ou psicolóxico da muller e dos seus fillos/as ou a discriminación na disposición dos recursos compartidos no ámbito da convivencia de parella.

- Violencia sexual e abusos sexuais: calquera acto de natureza sexual forzada polo agresor ou non consentida pola muller, abarcando a imposición, mediante a forza ou coa intimidación, de relación sexuais non consentidas, e o abuso sexual, con independencia de que o agresor garde ou non relación conxugal, de parella, afectiva ou de parentesco cola vítima.

O que se pretende é que as familias saiban o que é a violencia de xénero e as ferramentas que existen para poder pedir apoio no caso de ser vítimas de violencia de xénero, saber como actuar no caso de estar vivindo ou ser coñecedores dunha situación de violencia de xénero. Que o alumnado sinta que pode atopar axuda tanto na comunidade educativa, como na Anpa, no noso caso a secretaria está formada en dito ámbito. Teremos todos os contactos, que existen a nivel local, para poder ofrecer axuda neste tipo de situacións. Cooperaremos coa dirección do colexio para poder prestar a axuda que sexa necesaria no caso de violencia machista tanto en nais, coma nas súas crianzas, estando recoñecidas actualmente, coma vítimas igualmente da violencia de xénero.

Somos conscientes desta terríbel lacra social e comprometémonos a traballar transversalmente na prevención e formarmos para saber actuar axeitadamente ante dita problemática.

- Protocolo de acoso escolar :

é entendido como o maltrato psicolóxico, verbal ou físico cara un/ha alumno/a, producido por un/ha ou máis compañeiros/as de xeito continuado ao longo dun tempo indeterminado.

Características:

- Intencionalidade: a agresión producida non constitúe un feito illado e diríxese a unha persoa concreta con intención de convertila na vítima.
- Repetición: exprésase nunha acción agresiva que se repite no tempo e a vítima sófrea de xeito continuado, xerando nela a expectativa de ser o branco de futuros ataques.
- Desequilibrio de poder: prodúcese unha desigualdade de poder físico, psicolóxico ou social, que xera un desequilibrio de forzas nas relacións interpersoais.
- Indefensión e personalización: o obxectivo do maltrato soe ser un só alumno/a que é colocado deste xeito nunha situación de indefensión.

- Compoñente grupal e colectivo: normalmente non existe un só agresor/a, senón varios.
- Observadores pasivos : as situacións de acoso, normalmente son coñecidas por terceiras persoas que non contribúen o suficiente para que cese a agresión.

Tipos:

- exclusión e marxinação social
- agresión verbal
- vexacións e humillacións
- agresión física indirecta
- agresión física directa
- intimidación. ameazas, chantaxes,..
- Acoso a través dos medios tecnolóxicos ou ciberacoso: intimidación, difusión de imaxes non consentidas, insultos por medio do wassap, email, páxinas web...
- acoso ou agresión contra a liberdade e orientación sexual
- acoso sexual ou abuso sexual

Consecuencias:

- Para a vítimas: pode traducirse en fracaso escolar, trauma psicolóxico, risco físico, insatisfacción, ansiedade, infelicidade, problemas de personalidade e risco para o seu desenvolvemento equilibrado.
- Para o agresor/a: pode ser a antesala dunha futura conduta antisocial, unha práctica de obtención de poder baseada na agresión , que pode perpetuarse na vida adulta e, incluso, unha sobrevaloración do feito violento como socialmente aceptábel e recompensado.
- Para os observadores pasivos: pode conducir a unha actitude pasiva e compracente ou tolerante ante a inxustiza e unha percepción equivocada de valía persoal.
- para as familias do agredido/a: moitas veces non son conscientes do que acontece na escola, debemos estar moi atentos aos síntomas sinalados, cambios de comportamento, rendemento, problemas físicos, non querer asistir ao colexio, ... As familias deben contar co apoio da comunidade educativa, pero tamén coa Anpa para poder abordar estas problemáticas.

- para as familias do agresor/a: ensimesmo, en moitas ocasións non son coñecedores do comportamento das súas crianzas, ou ante as sospeitas non queren asumir o problema, por non entender ditas agresións ou tentalas xustificar. Non é unha tarefa sinxela asumir que o teu fillo/a é un acosador/a , pero es de crucial importancia traballar a empatía e poder actuar en consecuencia para solucionar ámbolos dous problemas.
 - para a comunidade docente e Anpa: deben asumir este tipo de problemáticas, non consideralas “cousas de nenos”, mostrar especial atención aos comportamentos nos recreos, corredoiros e nas saídas das aulas. A orientación do colexio debe estar moi pendente destas accións, a coordinacións coas familias de tódalas partes debe ser eficaz e os docentes deben estar formados/as en dita temática. A función da Anpa sería mostrar apoio ás familias, realizar actividades de prevención e aportar información.
- Protocolo de TAC, trastornos de conduta alimentaria: información extraída
- considérase un importante problema de saúde mas sociedades desenvolvidas e na poboación adolescente, tanto pola súa relevancia epidemiolóxica, como polas consecuencias físicas, psicolóxicas e sociais que conlevan. Por iso, consideramos que é un tema que debe de ser introducido nas rapazas de sexto de primaria, para que sexan conscientes deste grave problema e que as familias teñan a información precisa, para poder prevenilo.
- Introducímolo neste programa porque afecta nun número porcentual moito máis elevado na poboación feminina, pola presión que exerce a sociedade sobre os seus corpos, dende unha idade cada vez máis temperá. Por iso, cremos que é de crucial importancia que acepten os seus corpos, reforzar o seu autoconcepto e autoestima, aceptar que cada corpo e persoa é diferente, aportando as ferramentas precisas a elas mesmas, á escola e ás familias.
- Autores como Fajul (2008) defíneo á perfección: “pensar que a relación entre felicidade e éxito é canalizado a través do estético”.
- A Guía Práctica Clínica sobre TCA (2009), ofrécenos varios tipos de intervencións na prevención primaria:
- Psicoeducacionais
 - Educación no sentido crítico cara os medios de comunicación

- Intervención focalizadas en eliminar os factores de risco e en fortalecer a/ao participante.

É moi importante a participación da familia nestes tipos de programas de prevención segundo a Guía Práctica Clínica (2009) ofrece unha serie de recomendacións:

- Levar a cabo unha alimentación saudábel
- Realizar polo menos unha comida ao día na casa con toda a familia
- Desenvolver a comunicación e mellorar a autoestima
- Non fomentar conversacións sobre alimentación e imaxe
- Evitar brincadeiras e críticas sobre o corpo, o peso ou o xeito de comer dos seus fillos/as.

FACTORES DE RISCO:

- Factores xenéticos: a herdanza xoga un papel moi importante tipo de trastornos.
- Factores socioculturais: sinala que a publicidade e a rendabilidade económica das industrias relacionadas co corpo (ximnasios, empresas dietéticas..)promoven a idea de corpos delgados nas mulleres e corpos musculosos en homes. Con isto a muller ten asociado a delgadez ao éxito. Os factores sociais relaciónanse coa insatisfacción corporal, sobre todo os que promoven os medios de comunicación, xa que inflúen mediante mensaxes directos acerca do que está ben fisicamente e o que non está.
- Factores psicolóxicos: asociados a estes trastornos son a insatisfacción e distorsión da imaxe corporal, a IMC extremos, o uso e abuso de dietas inxustificadas, a depresión e ansiedade.
- Factores familiares: son importantes os cambios de hábitos e estilo de alimentación , a falta de control por parte da familia na dieta alimenticia e a preocupación e/ou antecedentes parentais na relación con estes problemas.
- Outros segundo autores coma Moreno e Ortiz, 2009: en adolescentes entre 12 e 15 anos:
 - perfeccionismo
 - risco de enfermidades psíquicas
 - autoavaliación negativa

CONSECUENCIAS:

- FÍSICAS:
 - Problemas metabólicos(hipoglucemia)

- problemas na médula ósea (anemia)
 - complicacións nos fluidos e electrólitos (baixo potasio, sodio, calcio,..)
 - problemas pulmonares
 - problemas gastrointestinais (úlceras gástricas)
 - problemas cardiovasculares (arritmias e taquicardias)
 - problemas neurolóxicos ou de función cognitiva
 - problema musculares
 - problemas endócrinos
 - e outros problemas asociados ás purgas (esofaxite ou ruptura esofáxica)
- PSICOLÓXICAS:
 - Alteración do sono
 - cambios de humor (máis frecuentes os estados depresivos)
 - risco de suicidio
 - ansiedade
 - nerviosismo
 - hiperactividade
 - dificultade de concentración
- SOCIAIS:
 - Aillamento social
 - problemas familiares e de parella, falta de control dos impulsos (ludopatía, alcoholismo, drogadicción, autolesións, ...)
- Protocolo para menores transexuais: información que será aportada pola Asociación Arelas.

6. DÍPTICOS

Con esta información pretendemos que cheguen ás crianzas e ás familias un método para formarse sobre temáticas, que para os derradeiros cursos de primaria, cremos que son de grande importancia para a súa preparación cara a adolescencia. O noso obxectivo con este material é que dispoñan das ferramentas necesarias para saber levar esta nova etapa, tan complexa, o mellor posíbel tanto para as crianzas como para as familias das mesmas.

As temáticas a tratar nos mesmos serían:

- A menstruación e a aceptación no cambio do corpo na puberdade
- Protocolo de actuación no caso de violencia de xénero no ámbito intrafamiliar
- Protocolo de actuación no caso de Acoso escolar
- Protocolo de actuación no caso de TAC.
- Información sobre o que é o feminismo e a coeducación na escola e na familia
- Protocolo no caso de menores transxénero
- Os perigos de internet e do uso indebido das novas tecnoloxías

Orzamento engadido no anexo correspondente para o deseño e impresión dos mesmos a cargo da Empresa de Impresión! cun investimento de 420€.

(Ver orzamento anexo A14)

7 MATERIAL ESCOLAR INCLUSIVO E COEDUCATIVO

7.1 Proxecto Valentes de Xeraís



Consistiría en dotar do Proxecto Valentes realizado por Xeraís ás docentes de quinto e sexto de Educación Infantil e ás de primeiro e segundo de Primaria, xunto co correspondente alumnado ao seu cargo coma titoras de ditos cursos. Para que poidan traballar ao longo do curso escolar un tema tan importante e necesario na actualidade.

O orzamento está engadido no correspondente anexo, cun investimento de 1115, 83 €.

(Ver orzamento anexo A15)

7.2 Desmitificando a “cor carne”



O noso obxectivo coa dotación a todas aulas do colexio deste tipo de ceras e pasteis, que recollen os diferentes tipos de tons de pel, é romper o mito de que dentro das ceras escolares existe unha única cor carne. Cremos que é unha grande iniciativa para acadar a igualdade e aceptación dos diferentes corpos.

O orzamento está engadido no seu correspondente anexo, cun investimento por determinar.

8. PROXECTO: DA MULLER AO LONGO DA HISTORIA, NO PRESENTE E NO FUTURO

Con esta iniciativa pretendemos dar un repaso do papel da muller na sociedade ao longo da historia, o papel na actualidade e cal debe ser o noso papel nun futuro próximo. Queremos dar voz ás mulleres creadoras que foron e son invisibilizadas nos libros de texto. Queremos que as crianzas saiban que houbo pioneiras, científicas, pintoras, escritoras, fotógrafas, dramaturgas dende o inicio da historia, a pesar das grandes dificultades que conlevaba e conleva ser muller antes e hoxe á hora de ser recoñecida como profesional. Que para mudar o mundo debemos comezar a estudarmos a nós mesmas, admirar as nosas predecesoras e reivindicar a súa grande labor e loita para que nós e as nosas fillas poidamos ser grandes profesionais no que nos propoñamos en igualdade cos nosos compañeiros.

Realizaremos unha retrospectiva ao longo da historia, para coñecer a evolución da muller e reivindicar o seu protagonismo nas páxinas dos libros que se estudan na escola.

Outro apartado será coñecer a labor de mulleres e homes en profesións que no día de hoxe aínda permanecen sexualizadas, para que a pesar das dificultades calquera nena ou neno poderá chegar a ser o que queira cando sexa maior.

No seguinte apartado analizaremos o papel da muller como protagonista e creadora na actualidade en diversos ámbitos como: música, literatura, cinema, publicidade ou na rama científica. Queremos observar canto camiño queda por percorrer e a importancia que ten a coeducación na escola e na familia.

O orzamento non está desenvolvido, xa que precisamos máis tempo para darlle a forma correspondente.

O LOBO E A LÚA

Teatro de monicreques/actor

Baobab Teatro

Galego | 50 minutos

Educación Infantil (3 a 6 anos)

Gañador do Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques na XI Edición de 2014. Este espectáculo é unha peza teatral tenra, divertida e intrigante en que os seus personaxes conviven a pesar das diferenzas que existen entre eles. Unha obra que transcorre sempre de noite, á luz da lúa, e onde se tratan a amizade, a superación dos propios medos e o amor.

As nenas e nenos asistentes poderán despedirse dos monicreques e sacaren fotografías canda eles.

AS FABAS MÁXICAS

Teatro de monicreques/actor

Caramuxo Teatro

Galego | 45 minutos

Educación Infantil (3 a 6 anos)

Este espectáculo, contado en primeira persoa polos monicreques, achéganos unha nova versión do coñecido conto infantil *Xan e as fabas máxicas*. Tras criarse na aldea coa súa avoa, Xan vive agora de adulto nun apartamento de Nova York. Un día, coidando as plantas da súa terraza, descobre algo que lle fai lembrar unha infancia chea de aventuras, onde co valor, a emoción e o enxeño se conseguirán superar todos os obstáculos.

Ao finalizar a obra amosaránselle os monicreques ás nenas e nenos e sairán a despedilos.



A NENA E O GRILO MÁIS ALÓ

Música/teatro

Magín Blanco

Galego | 60 minutos

1º e 2º de Educación Primaria

Esta nova montaxe de *A nena e o grilo* conta, a través da amizade, a cooperación, a tolerancia e a superación dos medos, unha historia onde os protagonistas esmagan sen querer a súa amiga Xertrude a Araña... Buscando o xeito de devolverlle a vida, topan cuns artistas ambulantes que os guiarán a través da maxia e da música ao País dos Mortos. Alí tentarán encontrar a Xertrude para traela de volta.

Este espectáculo ten libro publicado na colección Sonárbore da Editorial Galaxia, de 2019.

SAFARI

Teatro de actor

La Baldufa Companyia de Comediants

Castelán | 55 minutos

1º e 2º de Educación Primaria

O *bullying* é o tema a abordar neste espectáculo, en que nenas e nenos poderán entender as súas ameazas a partir do comportamento dos seus protagonistas: os animais da sabana. A preocupación dos nosos investigadores, Piñote e Calabacín, será a de descubrir que está a suceder e axudar estes animais ensinándolles que, a través das nosas actitudes e comportamentos en positivo, podemos convivir dunha maneira doce e tranquila, respectando a todo o mundo.



NANA PARA UN SOLDADO

Teatro de actor

Teatro dos Ghazafellos

Galego | 60 minutos

3º e 4º de Educación Primaria

«A guerra non é un lugar. A guerra non chega ou se vai, está aí... habita nos corazóns atrincheirados e nas mentes con metralla...» Esta é a historia dun momento na guerra presentado dun xeito cómico e poético, amosando o máis duro do conflito, mais tamén o máis fermoso das persoas a través da solidariedade, a amizade, a tolerancia e os valores que nos levan cara á paz.

GAIA

Danza


Cía. Entremáns

Galego | 60 minutos

3º e 4º de Educación Primaria

Gaia é un espectáculo onde a voz e a danza nos achegan coñecementos do medio ambiente desde unha óptica imaxinativa. Unha historia en movemento en que a pintura, a música e o audiovisual nos axudan a descubrir a intensidade, o poder e a beleza das características do noso planeta e dos seus tesouros naturais. A importancia da interacción entre as persoas e a natureza será a clave desta obra.

Ao final da mesma, haberá unha pequena charla coa rapazada.



ALICE'S ADVENTURES

Teatro de actor

OnStage Company

Inglés | 65 minutos

5º e 6º de Educación Primaria

Esta obra de teatro artículase a partir da participación dos espectadores. A inmortal historia de Lewis Carroll cobra vida e actualízase nesta disparatada parodia interactiva 100 % en inglés, onde a imaxinación e a fantasía son as leis que rexen a realidade. Unha viaxe alucinante con personaxes estrafalarias, xuntanzas desatinadas e deportes inverosímiles! Unha experiencia práctica e divertida para asimilar novos coñecementos e aprender a expresarse en inglés.

TROYA

Teatro de actor

Zarándula S. C.


Castelán / 60 min

5º e 6º de Educación Primaria

PROGRAMA DE
EDUCACIÓN
FINANCEIRA



Cada día son máis habituais as fraudes tecnolóxicas. Desde a intrusión con software de control remoto, Apps que duplican as SIM, captación de identidades e outros perigos menos evidentes coma o cobro por incrementar a calidade dos videoxogos gratuítos, a descarga de tons ou as votacións en programas televisivos, moita mocidade vese afectada por este tipo de estafas. Os protagonistas desta obriña, Héctor, Helena e Alejandro, veranse tamén perante esta situación fraudulenta. Desde o programa de Educación Financeira de Afundación pretendemos dar resposta a esta problemática, tratando de concienciar o estudiantado destes riscos e da necesidade de saber como protexer as súas finanzas persoais.



Buenos días,

Desde la Delegación de Participación Ciudadana de la Comisaría Provincial de Orense queremos darle la bienvenida al nuevo Curso Escolar 2019-20 y como cada año presentarles ***“El Plan Director para la convivencia y mejora de la Seguridad Escolar”*** dirigido a los alumnos de los diferentes Centros Escolares de la ciudad y que incluyen temáticas diferentes tales como los peligros del uso de internet y redes sociales, violencia de género, acoso escolar y peligros del consumo de drogas y alcohol, añadiéndose este año como nuevo tema los delitos de odio.

Las edades a las que se imparten estas charlas son a partir de 5º de Educación Primaria.

Un cordial saludo,

Delegación de Participación Ciudadana

Este curso realizaremos no CEIP As Mercedes as charlas de:

- *Nuevas tecnologías.*
- *Violencia de género.*